

CONCURSO DE VENDA DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPEDIENTE VENDA PARCELAS E./2021

ACTA DE APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A).

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de licitación.
2. Lectura do anuncio da licitación e comprobación das ofertas presentadas.
3. Apertura do sobre administrativo (Sobre A).
4. Acordos da mesa.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE LICITACIÓN.

Data:	14/09/2021	Hora:	10:00 horas
Lugar:	Polígono de Fontiñas, Área Central S/N, 15702 - Santiago de Compostela Sala de Xuntas do Servizo de Contratación do IGVS (4º andar)		

No lugar, día e hora sinalados, constitúese a Mesa de Contratación para proceder á apertura da documentación administrativa (Sobre A) correspondente ao expediente no encabezamento reflectido, coa participación dos seguintes membros:

PRESIDENCIA	José Luís Estévez Sobrino	Xefe do Servizo de Xestión de Investimentos e Apoio Administrativo do IGVS
VOGAIS	Roberto Barcia Casanova	Letrado. Asesor Xurídico do IGVS
	Mª Sagrario Roel Alonso	Xefa do Servizo de Coordinación e Supervisión do Control Financeiro Permanente de ATRIGA. Intervención Xeral
	Susana Orgaz López	Arquitecta Xefe da Oficina Técnica
	Tomás Fernández Barbosa	Xefe da Sección de Xestión Económica do Servizo de Xestión de Investimentos e Apoio Administrativo do IGVS
SECRETARÍA	Beatriz Garabal Barreiro	Xefa do Servizo de Contratación do IGVS

2.- LECTURA DO ANUNCIO DA LICITACIÓN E COMPROBACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS

Dáse lectura do anuncio de licitación pola secretaria da mesa.





A continuación o Presidente da Mesa pon en coñecemento as ofertas presentadas que de seguido se sinalan, que foron correctamente presentadas dentro do prazo establecido, tal como consta no certificado expedido polo Rexistro e Arquivo dos Servizos Centrais do IGVS.

Nº	LICITADOR
1	PADEL CLUB VALEORRAS, SL
2	GALCHIMIA, SA
3	CUBIERTAS HNOS. BLANCO, SLU
4	AUTO DESGUACES QUIROGA, SL
5	MARCOS OTERO, SL
6	JOSÉ VENCE PACIOR
7	NICOLÁS FUENTES TABOADA
8	CUFA CUBIERTAS VENTILADAS, SL
9	CONCELLO DE BÓVEDA
10	CASA TABOADA, SC
11	ROMÁN GONZÁLEZ ÁLVAREZ
12	AIRA SCG

3.- APERTURA DO SOBRE DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A).

Procédese á apertura dos sobres A dos licitadores presentados e analízase a documentación, e de conformidade coa cláusula VI-C- Sobre A "documentación administrativa" do Prego base que rexe este concurso, resulta a seguinte comprobación:

- Respecto da documentación presentada polo licitador AUTO DESGUACES QUIROGA, SL:

. A memoria sobre o proxecto empresarial que o licitador pretende implantar non recolle todas as especificacións esixidas na cláusula VI-C-Sobre A-apartado 6 do Prego, polo que deberase emendar nese sentido.

. Igualmente e tal como consta na escritura notarial de constitución da sociedade de responsabilidade limitada do 13 de abril de 2016, non se acredita polo representante Enrique Álvarez Macia a representación alegada, e en consecuencia deberase acreditar o poder de representación do mesmo de conformidade cos términos notariais sinalados, aportando o poder de representación, ou no seu caso a ratificación da dita escritura por Enrique Xosé Álvarez Perís.

- O licitador MARCOS OTERO, SL, non presenta dentro do seu sobre A a seguinte documentación administrativa e consecuentemente deberase emendar:

. Documento acreditativo de ter constituído a correspondente garantía para participar no concurso e conforme ao sinalado na cláusula V.B.

. A memoria sobre o proxecto empresarial que o licitador pretende implantar nos termos sinalados na cláusula VI-C-Sobre A-apartado 6 do Prego.

- O licitador JOSÉ VENCE PACIOR non recolle na memoria presentada todas as especificacións esixidas na cláusula VI-C-Sobre A-apartado 6 do Prego, polo que deberase emendar nese sentido.





- O licitador CUFA CUBIERTAS VENTILADAS, SL non recolle na memoria presentada todas as especificacións esixidas na cláusula VI-C-Sobre A-apartado 6 do Prego, polo que deberase emendar nese sentido.

- O licitador ROMÁN GONZÁLEZ ÁLVAREZ deberá aclarar a documentación presentada no sentido de si o fai como persoa física ou xurídica, achegando a documentación acreditativa correspondente en cada caso.

- O licitador AIRA SCG presenta a constitución das garantías mediante avais das súas ofertas presentadas, se ben deberá achegar a súa formalización de conformidade coa cláusula V.B Garantía, do Prego base que rexe o concurso.

4.- ACORDOS DA MESA.

De conformidade co anterior, a Mesa acorda admitir todas as ofertas presentadas, e ao abeiro do disposto na cláusula VI-E do Prego base que rexe o concurso, requirir aos licitadores sinalados anteriormente para os efectos de emenda da documentación administrativa no prazo máximo de 10 días naturais desde o día seguinte á notificación do requirimento, baixo pena de consideralo por desistido en caso contrario, no sentido seguinte:

-O licitador AUTO DESGUACES QUIROGA, SL debera presentar a seguinte documentación:

. A memoria sobre o proxecto empresarial que o licitador pretende implantar non recolle todas as especificacións esixidas na cláusula VI-C-Sobre A-apartado6 do Prego, polo que deberase emendar nese sentido.

. Acreditación da representación polo representante Enrique Álvarez Macia , tal como se sinala na escritura notarial de constitución da sociedade de responsabilidade limitada do 13 de abril de 2016, é dicir: deberase acreditar o poder de representación do mesmo de conformidade cos términos notariais sinalados, aportando o poder de representación, ou no seu caso a ratificación da dita escritura por Enrique Xosé Álvarez Perís.

- O licitador MARCOS OTERO, SL, deberá presentar a seguinte documentación administrativa: o documento acreditativo de ter constituído previamente ao fin do prazo de presentación de ofertas a correspondente garantía para participar no concurso e conforme ao sinalado na cláusula V.B; e a memoria sobre o proxecto empresarial que o licitador pretende implantar debendo recoller todos os termos sinalados na cláusula VI-C-Sobre A-apartado 6 do Prego.

- O licitador JOSÉ VENCE PACIOR deberá completar a memoria presentada, que terá que recoller todas as especificacións esixidas na cláusula VI-C-Sobre A-apartado 6 do Prego.

- O licitador CUFA CUBIERTAS VENTILADAS, SLdeberá completar a memoria presentada, que terá que recoller todas as especificacións esixidas na cláusula VI-C-Sobre A-apartado 6 do Prego.

- O licitador ROMÁN GONZÁLEZ ÁLVAREZ deberá aclarar a documentación presentada no sentido de si o fai como persoa física ou xurídica. No caso de facelo a título particular, como persoa física: deberá completar a memoria presentada, que terá que recoller todas as especificacións esixidas na cláusula VI-C-Sobre A-apartado 6 do Prego. No caso de facelo como persoa xurídica terá ademais que achegar os poderes de representación así como a escritura de constitución.

- O licitador AIRA SCG presenta a constitución das garantías mediante avais das súas ofertas presentadas, se ben deberá achegar a súa formalización de conformidade coa





cláusula V.B Garantía, do Prego base que rexe o concurso (Depósitos correspondentes na Caixa Xeral de Depósitos da Tesouraría Xeral da Xunta de Galicia, a favor do IGVS).

Por último, o Presidente levanta a sesión e dá por rematado o acto.

Asínase electronicamente a presente Acta polo Presidente e a Secretaria.

O PRESIDENTE

José Luís Estévez Sobrino

A SECRETARIA

Beatriz Garabal Barreiro

